



V PREMIO DE POESÍA

Florencio Delgado Gurriarán

PRESENTACIÓN DOS TEXTOS ATA
O 15 DE SETEMBRO DE 2024

BASES EN www.florenciodelgadogurriaran.gal



FUNDACIÓN
**Florencio
Delgado
Gurriarán**



DEPUTACIÓN
OURENSE



A Fundación Florencio Delgado Gurriarán, co patrocinio da Deputación de Ourense, convoca o V Premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán.

Esta iniciativa, que se insire dentro dos actos de homenaxe ao autor e de difusión de súa figura e obra, ten por finalidade fomentar a escrita de textos poéticos en lingua galega así como a difusión dos seus autores e autoras.

O PREMIO

O concurso resolverase nun único premio de 3000€ (TRES MIL EUROS), cantidade que se entregará ao autor ou autora do poema gañador coa deducción previa dos correspondentes impostos.

PRESENTACIÓN DE TEXTO E INSCRICIÓN NO CONCURSO


A inscrición no concurso realizarase por vía electrónica a través do formulario da páxina web www.florenciodelgadogurriaran.gal ou ben enviando o anexo destas bases cuberto ao correo electrónico fundacion@florenciodelgadogurriaran.gal adxuntando a obra ou obras presentadas e un breve currículo literario.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das obras comezará a partir do día seguinte da súa publicación na páxina web da Fundación e o prazo, improrrogable, de presentación dos textos será ata o 15 de setembro de 2024 ás 23:59h seguindo as indicacións que seguen.

CONDICIÓNS E REQUISITOS

1. Os autores ou autoras deberán ser maiores de idade no momento de enviar a obra
2. Os textos presentados deberán estar escritos en lingua galega.
3. A obra presentada debe ser unha poesía ou composición literaria en verso, unitaria, en ningún caso se aceptarán poemarios ou conxuntos de textos poéticos.
4. Os orixinais presentados deberán ser textos orixinais e inéditos. Non poderán concorrer textos premiados, presentados anterior ou simultaneamente a outros certames ou textos que manteñan compromisos editoriais de publicación.

- 
5. Os textos serán de temática e forma libre, cun máximo de 90 versos.
 6. Poden presentar escritos todas as persoas que o desexen, agás aquelas que xa foran premiadas nas anteriores convocatorias deste Premio.
 7. Cada persoa pode presentar ata un máximo de 3 textos a concurso, sempre e cando cumpran os requisitos aquí descritos.
 8. Os textos enviaránse en formato dixital .docx .odt ou .pdf. Non se admitirán textos con detalles de maquetación ou deseño que permitan identificar a autoría.
 9. Os textos presentados non deben conter datos persoais nin indicación ou referencia que faga alusión á autoría do texto. Os datos aportados na inscrición non serán en ningún caso transmitidos ao xurado.
 10. No caso de estar entre os tres poemas finalistas e/ou ser gañador do certame, o autor/a e os finalistas cederán a esta entidade os dereitos de explotación para a publicación, reprodución ou distribución do poema. Tal e como consta no regulamento que marca a Lei de Propiedade Intelectual desenvolta no Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril.
 11. Os traballos non premiados serán conservados no arquivo da Fundación para posibles traballos de análise e investigación, máis nunca para a súa publicación sen permiso previo (asinado no mesmo ano natural) dos/as propietarios/as.
 12. Os participantes enviarán, xunto ao traballo presentado, un breve currículo persoal e literario (10 -30 liñas).
 13. No caso de ser premiado, o/a gañador/a comprométese a declarar baixo a súa responsabilidade o carácter inédito e non premiado da súa obra; así como o seu total sometemento ás bases do concurso.
 14. O/a gañador/a, e os finalistas, aceptan pórse a disposición da organización do concurso para a promoción e difusión do premio de forma específica asistirán aos Actos de Entrega propostos pola organización salvo causa de forza maior.
 15. A persoa gañadora, así como as persoas finalistas, autorizan o tratamento dos seus datos persoais á Fundación Florencio Delgado Gurriarán conforme ao disposto no Regulamento Europeo (2016/679). O tratamento destes datos serán os necesarios para xestión, desenvolvemento e publicidade do premio.

O XURADO

O xurado do Premio será seleccionado pola Fundación Florencio Delgado Gurriarán e designado pola presidenta da mesma. Este estará integrado por personalidades da cultura galega de especial valía e recoñecemento. Tamén formará parte do mesmo o/a gañador/gañadora da edición anterior.

As funcións dos membros do xurado serán:

- Ler e valorar a calidade literaria das obras presentadas no marco desta convocatoria.
- Asistir ás reunións telemáticas convocadas para a resolución do premio. Asistir ao acto e entrega oficial do V Premio de Poesía de Florencio Delgado Gurriarán que se celebrará en Valdeorras no mes de outubro.

A publicación dos integrantes do xurado farase un mes despois da publicación das presentes bases do premio.

O xurado resérvase o dereito a declarar nulo o concurso no caso de que os textos presentados non reúnan méritos suficientes ou que os textos non se axusten ás condicións establecidas na convocatoria.

PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

- a. O 7 de outubro do ano en curso o xurado resolverá o premio facéndose público o nome dos e/ou das finalistas. O gañador/gañadora coñecerase na gala de entrega de galardóns.
- b. O fallo do xurado farase público na web da entidade sen prexuízo de que se poida comunicar a través doutras canles de comunicación.
- c. A partir da data de publicación do fallo, os autores que fosen propostos terán que presentar, no prazo máximo de 10 días naturais, un escrito no que comuniquen a súa aceptación do premio conforme ao modelo que se lles proporcione e documento xustificativo da entidade bancaria da posesión da conta bancaria onde recibirá o pagamento. En caso de non aceptar dentro do referido prazo quedará sen efecto o premio proposto, pasándose a premiar o/a seguinte mellor valorado.
- d. O fallo do xurado será ratificado polo padroado da Fundación a través de certificación expedida pola secretaría da mesma.

En O Barco de Valdeorras 19 de xullo de 2024.

FUNDACIÓN FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

Tlf. 667 42 73 00

fundacion@florenciodelgadogurriaran.gal



ANEXO I
INSCRIPCIÓN V PREMIO DE POESÍA FLORENCIO DELGADO
GURRIARÁN 2024

DATOS DO AUTOR

NOME E APELIDOS:

DNI:

DATA DE NACEMENTO:

ENDEREZO

RÚA:

NÚMERO:

PISO:

CÓDIGO POSTAL:

LOCALIDADE:

TELÉFONO DE CONTACTO:

EMAIL:

DATOS DA OBRA PRESENTADA

NÚMERO DE TEXTOS PRESENTADOS A ESTE CONCURSO:

POEMA 01

TÍTULO POEMA 01:

NÚMERO DE VERSOS:

NÚMERO DE PÁXINAS DO DOCUMENTO:

POEMA 02

TÍTULO POEMA 02:

NÚMERO DE VERSOS:

NÚMERO DE PÁXINAS DO DOCUMENTO:

POEMA 03

TÍTULO POEMA 03:

NÚMERO DE VERSOS:

NÚMERO DE PÁXINAS DO DOCUMENTO:



DECLARO: (marcar cun X o que proceda)

- Acepto as Bases do Concurso
- O texto ou textos presentados cumpre as normas especificadas nas bases do concurso do Premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán 2024
- Cedo o uso dos meus datos persoais á Fundación Florencio Delgado Gurriarán

En _____, a _____ de _____ de 2024

SINATURA do/a participante: